

**ACTO ACADÉMICO INSTITUCIONAL DE CLAUSURA DOS ACTOS DO 50 ANIVERSARIO DA LICENCIATURA
DE MATEMÁTICAS NA USC E DA FESTIVIDADE DO SAN ALBERTE MAGNO
Aula Magna - Facultade de Matemáticas - 14 de novembro de 2008**

Esbozo biográfico de ENRIQUE VIDAL ABASCAL

Xosé María Masa Vázquez

É un honor glosar a figura do Prof. Vidal Abascal, especialmente nesta casa, á que con tanto afán contribuíu, e en ocasión tan sinalada.

Comezarei cuns apuntamentos sobre o seu curriculum investigador e docente.

Tras un breve nomeamento na Universidade de Salamanca, realiza un longo percorrido polo ensino secundario que ocupará a metade da súa vida profesional; dato que incrementa o mérito das súas achegas científicas.

A súa investigación coñece tres etapas:

- a inicial, ao calor do astrónomo Aller, con quen realiza a tese de doutoramento sobre cálculo de órbitas de estrelas dobres;
- a intermedia, en xeometría diferencial clásica e en xeometría integral, que lle leva á matemática moderna;
- e a da súa madurez, interesada na teoría de foliacións, as estruturas case-produto e as xeometrías hermitianas, xa plenamente incorporado ás correntes de investigación da época.

Nas tres etapas publica os seus resultados en revistas do maior prestixio, e os comunica en conferencias e reunións científicas.

A súa obra científica foi merecedora de varios premios, algún tan temperán coma o Afonso X o sabio, en 1949, e importantes recoñecementos, como o de *Officier dans l'Ordre des Palmes Académiques*, concedida polo goberno francés en 1974.

Vidal foi tamén un docente entusiasta, que enchía de vida os coñecementos que transmitía. O seu maxisterio perdura nos textos docentes que escribiu, desde o sinxelo manual de Cálculo Infinitesimal á monografía sobre curvas e superficies.

Tamén encontrou tempo para a divulgación da matemática máis actual, o que constitúe unha mostra da súa inquiredanza e curiosidade. Así, trata da linguaxe matemática moderna, que el estaba adquirindo, e da topoloxía, a grande ausente no panorama matemático español do momento.

O curriculum de Vidal pon de manifesto a súa intelixencia e a súa capacidade. Pero a súa obra vai ben máis aló, ten sido un tenaz xestor da investigación, un labor feito con poucos apoios e escasos recursos. E de ese esforzo provén, penso eu, o seu legado máis importante.

En primeiro lugar, tivo a suficiente visión de futuro como para se empeñar nas iniciativas institucionais que nos permiten celebrar hoxe este 50 aniversario; e outras.

En segundo lugar, abriu Compostela á matemática universal. O mellor expoñente deste feito é a serie de congresos que organizou. O primeiro, en 1963, cando aínda non tiña discípulos ao seu redor e había que ir a Madrid a *hacer pasillos* no Ministerio. Foi o primeiro congreso internacional de matemáticas celebrado en España. Na foto hai case tantos químicos coma matemáticos, o que nos honra e lles honra, pero xa nos acompañaban xeómetras europeos do prestixio de de Rham e Lichnerowicz.

O seguinte coincide cunha reunión anual de matemáticos españois, pódese ver ao rector flanqueado por Sixto Rios e Lichnerowicz; a foto transluce certo aire de acontecemento social.

Pero en 1972 o congreso podería competir con calquera da época: xa só hai matemáticos, un cadro impresionante, cun ambiente de traballo e altura científica inmellorable. E moitos dos seus discípulos estabamos xa alí, participando activamente.

E iste e o terceiro feito a destacar, don Enrique creou unha escola de xeómetras. Entre finais dos anos 60 e principios dos 70 un fervedoiro de cursiños e escolas de formación en xeometría e topoloxía a cargo dos máis relevantes especialistas poboaban a vella Facultade de Ciencias. Un feito destacado foi o nomeamento de René Deheuvels como profesor extraordinario da Universidade de Santiago para impartir cursos de doutoramento con validez oficial.

Naquel período Vidal dirixe 13 teses doutorais, e envía aos seus discípulos a universidades europeas e americanas para completar a súa formación.

Para acabar de glosar a súa figura como científico, permítanme ler unhas verbas do prof. Santaló:

... supo hacer de su Instituto un complemento cálido y acogedor de las bellezas propias de Santiago. Su obra ha sido persistente y dirigida siempre con tenacidad, inteligencia y amor. Discípulos y colegas saben bien de su extrema delicadeza, suavidad en el proceder, señorío en el trato e inteligencia en la dirección.

Vidal foi tamén un intelectual do seu tempo, sensible á problemática da sociedade en que vivía, moi particularmente ao que el consideraba discriminación e marxinación de Galiza, tanto económica como política. As súas ideas aparecen en diversas publicacións, xa sexa en forma de libro, como o que recolle a imaxe, sobre ciencia e universidade, ou en artigos de prensa. O outro libro da imaxe é un recompilatorio de medio centenar de ensaios curtos.

Non sabería rematar sen me referir a outra das paixóns de Vidal Abascal, a pintura, o contrapunto plástico da súa creatividade científica.

Sirvan estas imaxes para pechar a reseña telegráfica da figura egregia de don Enrique Vidal Abascal.

E cedo xa estrado e palabra, para continuar nesta xusta e grata tarefa de recordo e homenaxe aos nosos mestres. Grazas pola súa atención.